

RESOLUCIÓN DO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Vistos os recursos de alzada presentados por varios aspirantes ao concurso-oposición de seis prazas de oficial da Policía Local contra a resolución do pasado 3 de xaneiro de 2019 ditada polo Tribunal Cualificador do citado proceso selectivo, procede a súa análise e resolución consonte ao establecido no artigo 122 da Ley 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas e a proposta de resolución realizada polo mencionado Tribunal Cualificador.

En atención ao principio de economía procesal e dado que concorre identidade sustancial da materia, se acumularán os recursos interpostos polos seguintes interesados: Ovidio López Rodríguez, José Noya Vázquez e Víctor Manuel Rodríguez García.

No recurso presentado por Ovidio López Rodríguez se solicita unha nova valoración da pregunta nº 36 de xeito que se recoñeza como correcta a resposta "b" ou se anule a pregunta. Ademais se solicita a anulación da pregunta nº 44 e manter a validez das respostas iniciais das preguntas 115 e 118.

No recurso presentado por José Noya Vázquez se solicita o cambio da resposta válida á pregunta nº 36 dando como correcta a resposta "b", Ademais se solicita o cambio de resposta da pregunta nº 110 dando como válida a "c".

No recurso presentado por Víctor Manuel Rodríguez García se solicita a anulación da pregunta nº 95.

Fundamentos Xurídicos:

Primeiro: Con respecto á pregunta nº36 os recorrentes basean a súa petición na redacción do artigo 18.2 da LRBRL que determina que "la inscripción de los extranjeros en el padrón municipal no constituirá prueba de su residencia en España", polo que consideran que de non proceder a anulación da pregunta , debería marcarse a opción "b" como correcta.

Sobre este particular o criterio do Tribunal para dar como válida a opción "a" se fundamenta no seguinte razoamento:

O artigo16 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, actualmente vixente dispón:

1. *O Padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños dun municipio. Os seus datos constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual no mesmo. As certificacións que de devanditos datos expídanse terán carácter de documento público e fehaciente para todos os efectos administrativos.*



CONCELLO DE SANTIAGO

A inscrición no Padrón Municipal só fornecerá efecto de conformidade co disposto no artigo 15 desta lei polo tempo que subsista o feito que a motivou e, en todo caso, deberá ser obxecto de renovación periódica cada dous anos cando se trate da inscrición de estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente.

O transcurso do prazo sinalado no parágrafo anterior será causa para acordar a caducidade das inscricións que deban ser obxecto de renovación periódica, sempre que o interesado non procedese a tal renovación. Neste caso, a caducidade poderá declararse sen necesidade de audiencia previa do interesado.

O Padrón Municipal tal e como dí o artigo 18.2 da Lei 7/85 non constitú proba LEGAL DE RESIDENCIA EN ESPAÑA, e nese senso está claro, que a mera inscrición no padrón, non supoñe que un estranxeiro poda considerarse residente LEGAL no noso país; pero elo, non exclúe en modo algún que a inscrición do padrón poda ser proba de residencia de calquera veciño, nunha poboación española, tanto se o veciño e nacional coma extranxeiro.

Neste senso, o artigo 53 do Regulamento de Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales, Real Decreto 1690/1986, de 11 xullo, dispón:

Artículo 53.

1. El padrón municipal es el registro administrativo donde constan los vecinos de un municipio. Sus datos constituyen prueba de la residencia en el municipio y del domicilio habitual en el mismo. Las certificaciones que de dichos datos se expidan tendrán carácter de documento público y fehaciente para todos los efectos administrativos.

2. Los datos del padrón municipal se cederán a otras Administraciones públicas que lo soliciten sin consentimiento previo del afectado solamente cuando les sean necesarios para el ejercicio de sus respectivas competencias, y exclusivamente para asuntos en los que la residencia o el domicilio sean datos relevantes. También pueden servir para elaborar estadísticas oficiales sometidas al secreto estadístico, en los términos previstos en la Ley 12/1989, de 9 de mayo, de la Función Estadística Pública.

Está claro que o Padrón é un rexistro administrativo, no que consta a os veciños que residen nun municipio, sexan nacionais ou extranxeiros e nesa medida, o Padrón é proba de residencia, tal e como se fai constar expresamente no devandito artigo 53.1 é mais, non so é proba de residencia senón que as certificacións dos datos que nel constan teñe carácter de documento público e fehaciente para tódolos efectos administrativos.

Neste sentido, podemos citar diversas sentencias que avalan lo manifestado; Sentenza do Tribunal Constitucional nº 1//2013, de 31 de xaneiro, nun procedemento de extranxería; Sentenza do Tribunal Supremo de 15 de novembro de 1991, señalando que «según constante doctrina jurisprudencial emanada de la



CONCELLO DE SANTIAGO

Sala 1ª del TS, el domicilio no debe confundirse con la vecindad, según la Ley municipal, y que sólo deben merecer la calificación de principios de prueba las certificaciones del censo de población, censo electoral y padrón de habitantes " outra da Audiencia Provincial de Barcelona (Sección 4ª) nº 752/2003, de 4 de novembro; Sentenza da Audiencia Provincial de Guipúzcoa, Sección 1ª, nº 36/2000 de 16 de febreiro, na que se fai constar: "*Que con la entrada en vigor de la Ley 4/1996, de 10 de enero a virtud de la cual se modifican los artículos 12 y siguientes de la Ley 7/1985, Reguladora de las Bases de Régimen Local, toma carta de naturaleza y un nuevo sentido el concepto de padrón municipal así como su confección con arreglo a la citada normativa, y en definitiva la gestión y alcance de los datos en el mismo contenido, configurándose el citado padrón como un registro de datos de los ciudadanos residentes en determinado municipio y cuya información dentro de una gestión moderna e informatizada y cuyos datos fuera de lo previsto en la citada normativa se encuentra amparada por las disposiciones en la Ley Orgánica 5/1992, de Tratamiento Automatizado de Datos de Carácter Personal. Deberá resaltarse del contenido de las previsiones normativas contenidas en la Ley 4/1996 el contenido de lo dispuesto en el artículo 16 a virtud del cual se define el padrón como un registro administrativo"; Sentenza do Tribunal Supremo, de 16 de novembro de 2012, (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª), na que para determinar o número de poboación para a apertura dunha farmacia a proba é os datos do Padrón Municipal.*

Polo tanto, aínda que non é unha proba fehaciente e indestruible, se é unha proba de residencia, tanto para os nacionais como para os estranxeiros a respecto da residencia nunha localidade española, se ben para os estranxeiros non comunitarios, sen autorización de residencia permanente, para que a inscrición no Padrón sexa unha proba de residencia terán que ter transcurridos dous anos dende a mesma, pois ese é o prazo que establece a Lei Orgánica 14/2003, para a súa obrigatoria renovación.

Polo tanto a resposta máis axeitada sería a), a inscrición dos estranxeiros (en xeral) constitúe proba da súa residencia en España, polo que procede o rexeitamento do recurso presentado.

Segundo: Dentro do recurso de Ovidio López se impugna a pregunta nº 44 que non se atopaba na propia resolución impugnada polo que o obxecto do recurso resulta incongruente, neste aspecto, co acto recorrido; non obstante, dada a trascendencia que ten para a totalidade do proceso selectivo a existencia da máis mínima dúbida sobre a correspondencia entre o enunciado da pregunta e a resposta considerada como válida polo Tribunal, procede entrar no fondo do asunto.

O razoamento do recorrente a este respecto fundaméntase no establecido nos artigos 164, 172 e 179 da Lei 2/2015, de Emprego Público de Galicia do que se desprendería, ao seu xuízo, que a citada pregunta non tería ningunha resposta incorrecta polo que debería anularse.



CONCELLO DE SANTIAGO

Sobre este asunto, o criterio do Tribunal cualificador toma como referente o texto do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que dispón no seu artigo 85 en canto ás situacións administrativas dos funcionarios de carreira:

1. Los funcionarios de carrera se hallarán en alguna de las siguientes situaciones:

- a) Servicio activo.*
- b) Servicios especiales.*
- c) Servicio en otras Administraciones Públicas.*
- d) Excedencia.*
- e) Suspensión de funciones.*

E no artigo 89, a respecto da excedencia, o seguinte:

1. La excedencia de los funcionarios de carrera podrá adoptar las siguientes modalidades:

- a) Excedencia voluntaria por interés particular.*
- b) Excedencia voluntaria por agrupación familiar.*
- c) Excedencia por cuidado de familiares.*
- d) Excedencia por razón de violencia de género.*
- e) Excedencia por razón de violencia terrorista*

O Estatuto Básico do Emprego Público, foi aprobado con posterioridade á normativa autonómica e ten carácter básico, como o seu propio nome indica e confirma a Disposición final primeira, na que se recolle a habilitación competencial do Estado para ditar esta norma que constitúe as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos, segundo determina o artigo 149.1.7 da Constitución.

A Disposición Final Cuarta da norma establece a respecto da entrada en vigor do Estatuto que ata que se diten as leis de Función Pública e as normas regulamentarias de desenvolvemento manteranse en vigor, en cada administración pública as normas vixentes, sobre ordenación, planificación e xestión de recursos humanos. Esta claro que as situacións administrativas dos funcionarios non son normas sobre ordenación, planificación e xestión; pero aínda que ase puideran considerarse, non pode entenderse vixente a regulación contida na Lei galega non adaptada ó EBEP e que ademais contradí e se opón ó establecido nel. Cuestión que evidentemente, dende o punto de vista xurídico, non é viable, tal e como tamén recoñece a propia Disposición Final Cuarta.



CONCELLO DE SANTIAGO

En consecuencia, se considera acertada a resposta dada polo tribunal polo que procede o rexeitamento do recurso presentado.

Terceiro: Con respecto á pregunta nº95, fundaméntase o recurso no feito de que na resposta dada como válida polo tribunal, non se corresponde coa resposta correcta ao faltar un millón de habitantes nela. Revisado o texto da pregunta advírtese que, efectivamente, hai un erro na cantidade que invalida a pregunta ao non existir resposta válida, polo que procede estimar a alegación e anular a pregunta, incorporando a pregunta de reserva 124. (4 na plantilla de respostas). Sobre este particular é consolidada a xurisprudencia que establece que debe existir unha inequívoca correspondencia entre a pregunta formulada e a resposta que se declare correcta polo tribunal entre as alternativas enunciadas o cal supó que cualquera erro de formulación nas preguntas que pueda xenerar a máis mínima dúbida no aspirante impondrá a sua anulación.

Cuarto: Con respecto á pregunta nº 110, fundaméntase o recurso na posibilidade de dar como correcta a resposta "c" e non a "d" como foi criterio do tribunal. Analizado o texto da mesma e a normativa de aplicación certamente haberían varias respostas como válidas, tanto a "c" como a "d", polo que procede a anulación da pregunta e a incorporación da pregunta de reserva 125 (5 na plantilla de respostas).

Sobre este particular é consolidada a xurisprudencia que establece que debe existir unha inequívoca correspondencia entre a pregunta formulada e a resposta que se declare correcta polo tribunal entre as alternativas enunciadas o cal supó que cualquera erro de formulación nas preguntas que pueda xenerar a máis mínima dúbida no aspirante impondrá a sua anulación.

Quinto: Con respecto á petición de anulación da resolución do tribunal pola que se estimaron as alegacións que determinou a anulación das preguntas nº 115 e 118 por falta dunha axeitada motivación de aquela resolución, o certo é que a motivación ofrecida foi suficiente no sentido de considerar oportunas as alegacións realizadas polos aspirantes que manifestaron a posibilidade de que , en ambos casos, se poderían admitir varias respostas como válidas dependendo das diversas teorías que se manexaran.

Sobre este particular é consolidada a xurisprudencia que establece que debe existir unha inequívoca correspondencia entre a pregunta formulada e a resposta que se declare correcta polo tribunal entre as alternativas enunciadas o cal supó que cualquera erro de formulación nas preguntas que pueda xenerar a máis mínima dúbida no aspirante impondrá a sua anulación.

Así mesmo, non se pode admitir agora que o recorrente alegue que lle perxudicou a sua anulación , polo feito de que non acertara as respostas de reserva polas que se substituíron .



CONCELLO DE SANTIAGO

Á vista de canto antecede, en virtude das competencias que me corresponden en virtude do establecido no Decreto da Alcaldía do 12 de febreiro de 2019 de asunción de competencias en materia de Réxime Interior, ao abeiro da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (BOE núm 80 do 03.04.85), modificada pola Lei 57/03, do 16 de decembro (BOE núm. 301 do 27.12.03), e tendo en conta o establecido no artigo no artigo 122 da Ley 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas,

RESOLVO:

Primeiro: Acumular os recursos interpostos polos seguintes interesados: Ovidio López Rodríguez, José Noya Vázquez, Víctor Manuel Rodríguez García.

Segundo: Desestimar o recurso interposto por Ovidio López Rodríguez e a sua ampliación, polos motivos expostos nos fundamentos primeiro, segundo e quinto.

Terceiro: Desestimar o recurso interposto por José Noya Vázquez no que respecta á impugnación da pregunta nº 36, polos motivos expostos no fundamento primeiro.

Cuarto: Estimar parcialmente o recurso interposto por José Noya Vázquez no que respecta á impugnación da pregunta nº 110 polos motivos expostos no fundamento cuarto, procedendo á súa anulación e substitución pola pregunta 124 das de reserva (4 da plantilla de respostas).

Quinto: Estimar o recurso interposto por Víctor Manuel Rodríguez García no que respecta á impugnación da pregunta nº 95 polos motivos expostos no fundamento terceiro, procedendo á súa anulación e substitución pola pregunta 125 das de reserva (5 da plantilla de respostas).

Sexto: Consonte a proposta do Tribunal Cualificador a relación de aspirantes que superaron o primeiro exercizo da oposición –cuestionario tipo test- será a seguinte:

MALVIDO LOJO, ANTONIO: 7,11


RODRIGUEZ GARCÍA, VÍCTOR MANUEL: 6,33

NOYA VÁZQUEZ, JOSÉ: 5,33

TEIJIDO LÓPEZ, JAVIER: 5,11

Sétimo: A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

Consonte ao establecido na base 14 das xerais a presente resolución en relación co artigo 45 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Común de las Administraciones Públicas, notificarase mediante publicación no Tablón de Edictos do Concello e a páxina web municipal (www.santiagodecompostela.gal).

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

O Alcalde



Asdo. Martiño Noriega Sánchez

